# GUADALUPE RIANXO

11 - 18 SETEMBRO 2015






Asesoría Barraña, sl
981 849 930
administracion@grupobarrana.es
BOIRO

VIAJESBARRAÑA
981 849 930
lui@grupobarrana.es
BOIRO

Cruceiro
ASESORIA
SEGUROS
981 863 430
contabilidad@grupobarrana.es
RIANXO

Cruceiro
COMUNIDADES
981 863 430
comunidades@grupobarrana.es
RIANXO

SANMARTIN
CORREDURÍA DE SEGUROS
981 860 634
rianxo@sanmartingestion.es
RIANXO

# Índice de contidos


Saúda do alcalde de Rianxo........ 3

Saúda da Comisión de Festas........ 5

**O coruscar da moreniña** por Xosé M. Lobato ........ 7

**Recordando a José Manuel Romero "O Louseiro" e a nosa etapa escolar** por Xosé Comoxo........ 10

**Espírito Machón** por X. Ricardo Losada ........ 14

**Arousa. Capital: Atenas?** por Iago Hermo Martínez ........ 18

**Don Ramón Otero Pedrayo e "a casiña de Rianxo"** por X. Ramón Brea Rei........ 24

**Do milagre que obrou Noso Señor Santiago en augas de Sartaxes** por Helena Villar Janeiro ........ 32

**Fondo Local de Música do Concello de Rianxo** por José Luís do Pico Orjais........ 38

**Desde Abuín mirando a Cortegada** por Xesús Rábade Paredes ........ 46

**A xurisdición de Rianxo no "diccionario" S. de Miñano (1826-1828)** por Clodio González Pérez........ 50

**Del gentilicio al piropo** por Santiago Agrelo........ 54

**Caciques Viturro Varela e Viturro Posse** por Xesús Santos........ 60

**O Crego don Gerónimo Outeda Fernández** por Xesús Costa Rodil........ 66

Relación de anunciantes. Teléfonos de interese........ 71

VENRES 11........ 13

SÁBADO 12........ 23

DOMINGO 13........ 31

LUNS 14........ 37

MARTES 15........ 45

MÉRCORES 16........ 53

XOVES 17........ 59

VENRES 18........ 65



**Festas da Guadalupe 2015** pola Asociación "A Moreniña" está licenzada baixo **Creative Commons Atribución-Non Comercial-SenObraDerivada 4.0**
**http://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl:**

Vostede é libre de:

**Compartir** — copiar e redistribuír o material en calquera medio ou formato
O licenciante non pode revogar estas liberdades mentres vostede cumpra os termos da licenza.

Nos seguintes termos:

**Atribución** — Debe dar o recoñecemento apropiado, fornecer un vínculo á licenza e indicar se se fixeron cambios. Pode facelo de calquera maneira razoábel pero non de maneira que poida suxerir que o licenciante o apoia a vostede ou o seu uso.
**Non comercial** — Non pode utilizar este material para propósitos comerciais.
**Sen derivadas** — Se vostede remestura, transforma ou recrea sobre o material, non pode distribuír o material modificado.
**Sen restricións adicionais** — Non pode aplicar termos legais ou medidas tecnolóxicas que legalmente impidan a outros facer algo que a licenza permite.

Esta licenza aplícase a:

· os textos das colaboracións literarias a favor dos seus respectivos autores, agás as citas a outros documentos
· os demais textos e imaxes propias a favor da Asociación "A Moreniña"
Non se aplica ás marcas comerciais e publicidade nin ás imaxes alleas aos autores utilizadas nas colaboracións literarias.

# MANUEL VICENTE MOSQUERA E HIJOS, S.A.

## Conservas de Pescados y Mariscos

## "LA VIEIRA"

MARCA REGISTRADA

**Desde 1955**




**Lo más selecto en conservas.**

**Especialidad en:**
**Productos de las Rías Gallegas**



**Telf.: 986 55 40 06 – Fax.: 986 55 57 07**
**Avda. de Galicia 42-44– Apdo. 59**
**VILANOVA DE AROUSA**
mvmosquera@lavieira.com
**Búscanos en**

# Saúda do alcalde de Rianxo

Adolfo Muíños

Teño un ano máis por diante esta grande honra que é a de participar neste Libro das Festas da Guadalupe de Rianxo. Difícil tarefa, pois son consciente de estar a dirixirme a milleiros de veciños e veciñas, ademais de sumarme con estas verbas a toda unha serie de estudosos, escritores, poetas, persoas que gardan e elaboran para este libro materiais moitas veces inéditos que contribúen a escribir a historia do noso concello en diferentes eidos, dotándoo dun prestixio pouco común. Non é un libro das festas simple, cos seus anuncios, coa súa publicidade, co programa de actos... Procurou sempre honrar desde as súas páxinas sermos berce de Castelao, Dieste, Manuel Antonio, Brea Segade, Manuel Antonio, mesmo Arcos Moldes, outro dos grandes dinamizadores culturais do pobo e das festas rianxeiras.

Este foi un ano complexo e, en certa medida, aínda o é, xa que por estas datas espertaba Rianxo o ano anterior coa mala nova da prohibición do xeito, vítima da ignorancia dos afastados gobernantes de Bruxelas que meten no mesmo saco prácticas artesanais e respectuosas co medio ambiente, con técnicas esquilmadoras do mar. Mais vítimas tamén da incomprensión e deixadez de gobernantes próximos que ou non puideron, grave, ou non quixeron demostrar ou defender que a pesca nas rías debe ser asunto noso, o que é gravísimo. Rianxo en especial sufriu un ataque en toda regra a un modo de pescar e a un produto que nos identifica, a xouba de Rianxo, no país e fora del. A decisión nas institucións europeas está a caer.

Queremos ter unhas festas seguro onde estas tensións fiquen a un lado, por uns días canda menos, e o grande traballo da Comisión, co seu presidente á cabeza, así nolo ofrecen. Está reflectido no programa, desde a primeira á última noite, querendo implicar e facer gozar a todos e todas, desde crianzas a maiores, pasando por unha mocidade cun especial protagonismo nas celebracións das peñas e do Rianxo Rock. E esa noite máxica das bengalas, que de seguro están a realizarse probas e contraprobas para volver á normalidade, se é posíbel chamarlle así, normal, a unha concentración de milleiros de persoas a cantar en fraternidade o segundo himno de Galicia: a Rianxeira. Ou o Feirón Mariñeiro, que cambia de día polo tempo e triunfa igualmente (nada de pedir dez días de festa, foi por chover, unha excepción!). Ou a procesión polo mar de Rianxo que sempre se lembrará da imaxe de Asorey en Tanxil mais acode fiel ao encontro.

Veciños e veciñas, comerciantes e empresarios, grazas polo apoio ás festas da Guadalupe, recoñecidas de interese turístico galego, unha referencia non só na nosa bisbarra, senón para todos e todas os que veñen a Rianxo con gañas de pasalo ben, nunha terra acolledora e que se esforza por selo. Co mellor salón de baile ao aire libre que é a Praza de Castelao ao ritmo das orquestras máis sinaladas. Viva Rianxo, Viva a Guadalupe!



Imaxe: fotosderianxo.com

# FABRICACION DE VENTANAS EN

# ALUMINO Y PVC

# CERRAJERIA EN ALUMINIO E INOX





ismermontaxes@gmail.com
www.ismermontaxes.com

**ISMER**
**Montaxes**
A Carballeira-Rianxo
C.P. 15920 A Coruña
Tel. 981 866 499

CE
09
EN 14351-1

**100%**
**Financiación**
En cómodas cuotas hasta 5 años[1]
Sin intereses hasta 6 meses[2]

**OTROS PRODUCTOS** :

Mosquiteiras, mamparas de ducha e baño, cubretendais, estores, venecianas, cortinas especiais,toldos,pergolas,duplicado de mandos a distancia, moviliario para terrazas de locales y jardines.

# Saúda da Comisión de Festas

**Ramón Iglesias Sánchez**
**Presidente da Comisión de Festas da Guadalupe**





Veciños, veciñas, forasteiros:

Queira que o sol encha de luz e calor estas Festas da Guadalupe que se achegan, e que a raíña de sol que puxo moreniña á nosa Virxe veña a darnos unhas festas cheas de xente e alegría, como ben se merece Rianxo e todos vós.

Como tamén cheos de alegría están os xuvenís do C.D. Unión que acaban de ascender á Liga Galega tras gañar a liga, e quixéronllo vir agradecer á Virxe de Guadalupe.

En outubro deste ano fomos convidados unha vez máis ao Mosteiro de Guadalupe en Estremadura, onde se celebrará unha nova edición do encontro guadalupano que o ano pasado tivemos a honra de celebrar en Rianxo. Agradecemos a todas as entidades que nos visitaron por tan agradable compañía naquela xornada tan especial.

Por último, agradecervos a comprensión que tivestes coa subida do donativo para as festas que vos solicitamos. Agardamos que podades velo reflexado na calidade das festas. E que a festa non pare!

Ramón Iglesias Sánchez




**Comisión de Festas da Guadalupe 2015**

Adolfo Muíños Sánchez, alcalde de Rianxo
Presidente de honra

Ramón Iglesias Sánchez, Presidente

Carlos Ces Ozores, Vicepresidente

Uxía Cespón Ordóñez, Secretaria

Enrique López González, Tesoureiro

Roberto Bolaño Amigo

Alba Comojo Ordóñez

José Eiras Villanustre

Alejandro Herbón Figueira

Xián Iglesias Pérez

Lorenzo Méndez Noia

Santiago Mosquera Alcalde

José Manuel Rodríguez Vicente

**Comisión de Juadalupeñas 2015**

Cristina Ces

José Eiras

Alexandre Galbán

Martiño Galbán

Jennifer González

Francisco Hernández

Isaac Iglesias

Rubén Iglesias

Xián Iglesias

Daniel Lojo

Sarai Mariño

Carla Noya

Anxo Pérez

José Manuel Rodríguez

Alejandro Uzal

Adrián Vidal

Twitter: @guadaluperianxo
twitter.com/guadaluperianxo

Facebook:
www.facebook.com/guadaluperianxo

www.guadaluperianxo.org
festa@guadaluperianxo.org

Deputación DA CORUÑA

Rianxo Concello

# Empresa Flora

FHG

**HEREDEROS DE FRANCISCO GEY GONZALEZ, S.L.**

AUTOCARES DE ALQUILER
SERVICIOS NACIONALES E INTERNACIONALES



*Deséxalles Felices Festas*

Campo Ribeiro, 13
ASADOS - RIANXO
Tfno. 981 862 119
Móbil: 655 932 030/ 027 / 028
Fax . 981 863 014
www.empresaflora.com
empresaflora@yahoo.es

Certificados ISO da European Quality Assurance

EQA ISO 9001 EMPRESA CERTIFICADA

EQA EN 13816 EMPRESA CERTIFICADA Certificado Nº 8820-E

# O coruscar da moreniña

Xosé M. Lobato

Alborexar diario. Baliza de Rianxo,
bailarina excelsa. Cénit místico,
cantora da marusía. Deusa na morada,
dama venturosa. Enxoval presente,
espírito agarimoso. Frescor intenso,
fascinación constante. Gnose glosada,
gamela segura. Honesta sensibilidade,
halo luminoso. Icona senlleira,
intercesora fiel. Kyrie harmónico,
Kharxa pretérita. Labieira singular,
loa fascinante. Marabilla celeste,
murmurio da ondada. Nai idílica,
natura sorprendente. Ñandú no ar,
*ñáñara*/s acolledora. Ollada mariñeira,
oasis real. Protectora vital,
poeta reclamada. Querenza no devalar,
quinzada lendaria. Relucente morena,
rianxeira universal. Sagrada imaxe,
silente acougo. Tenaz colaboradora,
tranquila serenidade. Umbrela acaparadora,
ultreia na ribeira. Valencia do pobo,
varadoiro seguro. Xasmín da contorna,
xestora fiable. Zunido máxico,
zalema auténtica.



OTERO y LOSADA S.L.

CONSTRUCCIÓN DE FLOTADORES
DEPÓSITO DE COMBUSTIBLES
ESTRUCTURAS METÁLICAS
REPARACIONES EN EL MAR



LANCHAS DE POLIESTER
FURGONETAS ISOTÉRMICAS
RECUBRIMIENTOS DE POLIESTER
PIRAGUAS, TERRAZAS, FURGONETAS, PISCINAS
DESBROCES FORESTALES

Bodión - BOIRO
Tfno. 981 84 44 24 - Fax 981 84 26 93
Parts. 981 86 23 84 - 981 86 01 99

ALUMINIOS PEREZ

Carpintería de:
Aluminio
P.V.C.
Cristales
Persianas

Álvaro Pérez Ordóñez

Telf./ Fax: 981.86.10.54
Móvil: 618.22.90.21
Campo de Pazos, 1 - Taragoña
15920 Rianxo - A Coruña
aluminios.alvaro.perez@gmail.com

Miembro de: AECALPO

ARTIS PINTURAS REFORMAS SL

- PINTURAS EN GENERAL
- REVESTIMIENTO DE FACHADAS
- ALBAÑILERÍA Y REFORMAS

chavalinviky@hotmail.com
Tef. 610204778 - 603618040
Asados - Rianxo



Gómez Capeáns & Moares S.L.P.

Juan Jesús Gómez Capeáns
&
Lidia Gómez Moares

Economistas Colegiados nº 279 y 4855
Auditor Colegiado nº 7197
Asesor Fiscal Colegiado nº 768
Gestor Administrativo nº 819
Titulado experto en Economia Forense
Actuaciones Judiciales
Agente y Corredor de Seguros

Asesoría de Empresas
Fiscal - Contable - Laboral
con Certificado de Calidad
ISO 9001:2000
nº de registro 00404277

*Un equipo de profesionales integrado por Economistas, Abogados, Graduados Sociales y Administrativos les desea unas felices y animadas fiestas*

C/. Rosalía de Castro 46 2ºE
C/. Rosalía de Castro 44A 1ºC, 44B 1ºA y 1ºC
(Frente Jefatura de Tráfico)
Tfnos. 981 593 388 - 981 593 027
Fax 981 593 027 - 981 553 747
SANTIAGO DE COMPOSTELA

C/. Travesía del Muelle 6 1º
Tfno. 981 860 175 Fax. 981 860 300
RIANXO

consultoria@jjcapeansasesores.es
www.capeansasesoresconsultores.com

TÜV

Dra. María José Ulloa Prado

ODONTÓLOGA

ORTODONCIA
ESTÉTICA
IMPLANTES

Poste, 16 - Taragoña - Tfno. 981 86 13 10

VALENTÍN GARCÍA SABORIDO

ELECTRICIDAD - FONTANERÍA
CALEFACCIÓN - BOBINADOS
ELECTRODOMÉSTICOS

Chorente 8, TARAGOÑA
Tfno. 981 86 12 16

COMERCIAL DUARTE S.A.

MAQUINARIA AGRÍCOLA, FORESTAL E XARDIÑEIRÍA

Amanecida, 35 - Puente Beluso
15990 BOIRO (A Coruña)

Tel. 981 862 393
www.comercialduarte.com

Grillo
Husqvarna



RENAULT





Talleres RIANXO, S.L.

SERVICIO GRÚA 24 horas - 696 430 060
Tfno. 981 86 00 08 - 608 58 34 57 - Fax 981 84 36 07
Rinlo 64 - RIANXO
trianxo@red.renault.es

# Recordando a José Manuel Romero "O Louseiro" e a nosa etapa escolar

Xosé Comoxo



**José Manuel Romero, "o Louseiro",** e máis eu tivemos unha vida semellante. Fillos de mariñeiros, de nenos fomos á mesma escola, rexentada polo mestre **Manuel Bermúdez Fernández**. Ao rematar os estudos, por "recomendación" do mencionado profesor, eu comecei a traballar como administrativo no Pósito de Pescadores; el, tamén entrou de administrativo nun banco (creo que no Olimpio Pérez) que se iniciaba en Rianxo. Unha vez cumprido o servizo militar, eu entrei na compañía BEGANO S.A. de bebidas refrescantes, e Romero, tamén (un día deixounos para ir a outra empresa, pero seguimos mantendo a amizade de sempre). Os dous escribimos nos libros das festas de Guadalupe. Así toda unha vida.

O amigo Romero tívolle unha certa devoción ao mestre Bermúdez, eu, non tanta. Incluso escribiu sobre el recordando aqueles anos da nenez, e aquelas cancións que de cando en vez entoabamos na escola (entre elas "Adiós me marcho para Venecia, adiós Lucrecia..." e "Al olivo, al olivo, al olivo subí, por coger unha rama..."). Ademais, unha vez que o mestre marchou definitivamente para Viveiro, seguiulle a pista e logrou estar con el, e cuns familiares, en diferentes ocasións. No sei se chegou a estar coa sobriña, a recordada Genma, que tanto sufriu co ditoso tío.

Eu tiña unha visión diferente sobre Bermúdez; para min era demasiado arrogante e algo inhumano. Supoño que os dous sufrimos, eu polo menos si, algún que outro sopramocos del (proliferaban demasiado naquel local da casa de Dieste, da Ribeira); recordo que dun golpe que me deu na cabeza cunha cana, que non ía dirixido a min, tiven que ir correndo á farmacia e pedirlle a Máximo Alcalde que me fixese unha cura.

A miña relación co mestre rompeuse definitivamente polo seguinte. Sendo eu un rapazote e el director do novo colexio, naqueles intres situado no mesmo lugar que os actuais, fun pedirlle permiso para xogar ao balón no campo do recinto escolar. Aceptou. Tivemos mala sorte, xa que rompemos un cristal do edificio. Debíamos facernos responsables, e, como era sábado, decidimos que o luns iriamos dicirllo. O mesmo luns pola mañanciña, antes de que chegásemos, xa se decatara da rotura. Mandou un rapaz xunto de min para que lle facilitase os nomes dos que estivéramos xogando. Díxenlle ao neno que iría falar persoalmente con el. Efectivamente, cando pola tarde decidín entrar na súa aula para contarlle o ocorrido, botoume fóra a caixas destemperadas, a berros e sen escoitarme.

Aos poucos días recibín unha denuncia do alcalde do momento, Martín Gómez. Expostas nunha instancia as nosas razóns, tal denuncia quedou sen efecto. A partir deses intres, remataron as "simpatías" que lle tiña. Unha vez en Viveiro, onde ao pouco morría a súa dona, que tanto estimabamos, mandeille un telegrama de pésame. Non houbo contestación.

Maldicino (é un dicir), cando me decatei de que se volvera casar dúas veces máis. Non cheguei a entender que traizoara á súa tan estimada (ao menos por nos) Dona Celia, que tanto o coidara na súa etapa rianxeira.

Para que os seus exalumnos saiban algo da súa biografía, tratei de informarme e recompilar aquí, neste libro das festas de Guadalupe, eses datos.

**Breves notas biográficas do mestre Manuel Bermúdez Fernández**

Era natural da parroquia de Santa María del Campo-Viveiro, onde naceu o 25 de abril de 1902. Era fillo de José Bermúdez e María Fernández. Casou na súa vila a finais de outubro de 1929, con **Celia María Rey Rodríguez**.

Non temos datos dos seus estudos de Maxisterio, que creemos realizou na Escola Normal da Coruña. En decembro de 1933, era un dos mestres aspirantes a ocupar unha interinidade; meses despois (febreiro de 1934), nomeárono para a escola de San Xulián de Loiba-Ortigueira. En outubro, era convocado, como cursillista, para elixir interinamente unha nova escola. Nesta etapa formaba parte da "Juventud Masculina de Asociación Católica de Vivero", onde demostrou "un gran espíritu religioso".

Ao comezar a guerra civil, residía en Santa Marta de Ortigueira, onde exercía de mestre en San Esteban de Sismundi.

O 4 de setembro de 1936, a Delegación da Orde Pública de Ferrol, comunicáballe ao Delegado Militar de Instrución Pública da Coruña, que **Bermúdez Fernández** profesaba "ideas avanzadas y se ha distinguido como propagandista de ellas con anterioridad al movimiento militar". Oito días despois, deixaba de ir á súa escola de Sismundi. Dos informes dos pais dos alumnos, dedúcese que mostrara sempre "un interés extraordinario, por ningún otro superado, por la instrucción y educación de nuestros queridos hijos dentro de la más pura moral cristiana"; a súa marcha, segundo o presbítero Enrique Chao Espina (Viveiro, 1908; licenciado en Filosofía, mestre e profesor do Instituto Nacional de Ferrol), "ha sido sentidísima" por todos os fregueses "que todavía le recuerdan con cariño".

O alcalde de Ortigueira, Gonzalo Prieto Cao, en xaneiro de 1937, confirmáballe á Comisión Depuradora, que Bermúdez militara no Partido Galeguista, e que interviñera en propagandas políticas rexionalistas. Dato que corroboraba o tenente da Garda Civil, Pedro López Diaz, aínda que nesas datas sentía "gran fervor por el Glorioso Movimiento Nacional". O informe demoledor para Bermúdez veu do crego

de Sismundi, Ramón Crego Prieto; segundo el, acompañábase "de elementos que desde el punto de vista social eran subversivos; asistía pocas veces a misa, pero las veces que lo hacía lo hacía de una manera ejemplar; este señor fue discípulo de Villar Ponte y de ahí sus ideas de republicano desde su niñez"; con todo, aludiu a que estaba "desengañado y completamente mudado y tengo la completa seguridad que (no en esta parroquia en donde carece de cierta autoridad de que debe de estar rodeado el maestro) realiza una labor fecunda y patriótica. Es de carácter sencillo y bondadoso y toda su ruína y modo de proceder en la campaña galleguista la atribuyo a mandatos del cacique de la parroquia Don Florencio Trinquete".

Nesa etapa, dedicouse a dar clases na academia católica "Santa María", de Ortigueira, onde desempeñou o cargo de administrador e celador. Estaba considerado como "persona de excelente conducta"; adherírase ao Glorioso Movemento e concorría a "cuantas manifestaciones de júbilo se iniciaron en la villa, siendo un fervoroso amante de la Causa".

Definitivamente, en abril de 1940 foi separado do servizo e dado de baixa na escala de mestres. O xornal *El Compostelano*, recolleu a noticia o 9 de xullo.

En outubro do mesmo ano solicitaba a revisión do seu expedientes de depuración.

A Comisión Depuradora imputáralle os seguintes cargos: 1) Haber militado no Partido Galeguista, e intervir como propagandista do mesmo en diferentes mitins celebrados en San Adrián de Veiga, Mera e outros lugares; 2) Figurar como apoderado dos partidos da Fronte Popular nas eleccións "últimas"; 3) Pertencer á Asociación de Traballadores da Ensinanza, en 1935; e 4) Ter contribuído á subscrición en favor dos mestres presos con motivo da Revolución de Asturias.

En 1941, o vocal relator da Comisión Superior Ditaminadora de Expedientes de Depuración, unha revisado o expediente instruído contra Bermúdez, propúxolle á Superioridade que se anulase a orde de 1940 pola que se lle impuxo a sanción de "separación definitiva del servicio". No seu lugar, debía impoñérselle a de "suspensión de empleo y sueldo durante dos años (...), traslado forzoso fuera de las provincias gallegas, con prohibición de solicitar vacante durante un período de cinco años e inhabilitación para el ejercicio de cargos directivos y de confianza en instituciones culturales y de enseñanza". Así foi, e así o confirma *El Compostelano*, o 3 de xaneiro de 1942.

Dos anos seguintes non sabemos nada, e incluso de cando tomou posesión da escola de Rianxo, que puido ser a mediados dos 50. En marzo de 1956, participaba cos alumnos na festa da Árbore que ese ano celebraron en Isorna, onde pronunciou unhas palabras "de elogio de los árboles y de la Fiesta del Árbol". Ao ano seguinte, con Martín Gómez de alcalde, a festa celebrárona na Ribeira, onde novamente, como secretario da xunta municipal de Ensinanza que era, pronunciou unhas palabras "de elogio del acto". Tamén en 1958, cando seguía de secretario, explicando a "finalidad de la solemnidad y habló de los árboles a través de la hisoria".

En agosto de 1959, asinaba como testemuña na voda do recordado Manuel Dourado Deira e Avelina González Rodríguez. Nesas datas exercía de correspondente do xornal *Faro de Vigo;* e anos despois (1965) de *El Pueblo Gallego*, onde deu a noticia de terse incorporado ás actividades pedagóxicas oficiais, como Inspectora de Ensinanza Primaria na zona de Ribeira, Carmen Muñoz, señora de Rafael Dieste.

No verán de 1965, visitaba a súa vila de Viveiro, con miras, posiblemente, de fixar alí a residencia definitiva. En 1966, antes de marchar, os mozos do Club de Aire (ou grupo "Pedra Vixía") homenaxeábano cunha serenata, en agradecemento polo traballo realizado na vila e pola composición que realizara de varias interpretacións musicais para eles:

*"Hemos tenido la fortuna de escuchar a uno de ellos (grupo Pedra Vixía ou Club de Aire) en el homenaje tributado al director del Grupo Escolar, Don Manuel Bermúdez, con motivo de su traslado a Vivero. La fiesta resultó de lo más agradable porque incluso hemos escuchado la interpretación magnífica de una composición musical del homenajeado, que no nos explicamos como no figura en los repertorios folklóricos regionales".*



Peluquería imperial
YOLI

C/ Rúa de Abaixo, 29 - RIANXO
Tels. 981866665 646769603
curesgrande@hotmail.com

IRMÁNS CEBREIRO



* REVESTIMIENTO DE INTERIORES
* YESO PROYECTADO
* ESCAYOLAS

Tfno. 981 86 04 39 - Ctra. de Tanxil, 6 1º - RIANXO

Carretera Provincial CP-3301 km.5
Palleiro nº15, Leiro - Rianxo
Tel. 646769603 - 617465588
curesgrande@hotmail.com

PENSIÓN HOSPEDAXE
PUNTA PALLEIRO

- Habitaciones amplias con terraza, baños con hidromasaje.
- Calefacción, hilo musical, televisión en todas las habitaciones.
- Cafetería, salón de peluquería, parking privado.

E.S. G

ESTACIÓN DE SERVICIO

ESTACIÓN DE SERVICIO N.º ESG-333

GOMPA, S.L.

REPSOL YPF SOLRED

☎ 981 863 115 - TARAGOÑA (Rianxo)

PULPERIA - PARRILLADA

O' TABERNEIRO S.L.

RESTAURANTE
OSTRERIA
-VIVERO PROPIO-

Muelle Comercial Tfno. 981 86 64 96 - RIANXO

## 11 VENRES

23:00 Concentración das JUADALUPEÑAS na Praza Castelao

23:30 CHUPITASO + DISCO MÓBIL PLAY con

**GAFAS E PALLASO**







Os días previos á Guadalupe lanzarase o vídeo promocional de Rianxo "Que a festa non pare", que terá presencia durante as festas.

Neste proxecto participaron diversos colectivos e persoas de Rianxo de forma desinteresada para crear un produto conxunto de promoción da nosa vila e das nosas Festas da Guadalupe.

Grazas a Perfecto González e Rafael Iglesias, promotores do proxecto, xunto co Concello de Rianxo e todas as persoas implicadas na produción desta experiencia.

ASESORÍA ECONÓMICO FISCAL
EMPRESAS - TRIBUTACIÓN
CONTABILIDADES
ESTUDIOS ECONÓMICOS

Antonio Piñeiro Seage

ECONOMISTA
AUDITOR DE CONTAS

Rosalía de Castro, 9 1º - RIANXO - Tfno. 981 86 02 87 - Fax 981 86 62 79
Vigo - DODRO - Tfno. 981 80 20 48

# Espírito Machón

X. Ricardo Losada

Quixera recordar, agora que estamos de festas, a algunhas persoas que morreron neste último ano, e que compartían con meu irmán Tucho, que tamén se foi recentemente, unha das virtudes que eu máis valoro e que chamo *espírito Machón*, en honor a ese rianxeiro que, desde que marchou hai moitos anos para EEUU, volve en canto pode a Rianxo e paséase polas rúas e bares feliz de estar cos amigos e veciños de toda a vida. Non sei por que, pero fíome máis das persoas coma el, que marcharon da súa vila natal e volven en canto poden, que daquelas que non regresan ou mesmo falan mal do que deixaron atrás. Meu irmán Tucho tiña o espírito Machón, aínda que só o puido mostrar de estudante, pero tamén Jorge o da Chucha ou Romero. Traballaban e vivían en Vigo e Ferrol pero volvían regularmente. Estou seguro que tiñan ese espírito, o espírito Machón, porque foron felices na infancia, e dáme a impresión que os que non o teñen, foron infelices.

Hai pouco lin un libro sobre a vida do escritor italiano Cesare Pavese. Tivo unha infancia infeliz e foi toda a vida unha persoa moi atormentada. Escribiu un diario titulado *O oficio de vivir*, e acabou suicidándose. Mentres lía ese libro, tiven un sentimento agridoce. Agre porque me doía que Pavese non tivese o espírito Machón para estar protexido da terrible soidade que aniñaba no seu ser. Doce porque eu non era coma el: tiña o privilexio de estar posuído por ese espírito. Ao rematar o libro, recordei a miña infancia cunha sensación de agradecemento tan forte que só puiden dominala escribindo un artigo. Titúlase *Dous oficios de vivir*, e quero compartilo agora con todos os rianxeiros, pero sobre todo con aqueles que non están en Rianxo nestas festas de Guadalupe (inclúo, por suposto, aos que nos deixaron definitivamente), e que darían un ril por estalo.

**Dous oficios de vivir**

**VIVIR, UN HOMICIDIO TÍMIDO**. Escoito con frecuencia o poema de Cesare Pavese *Virá a morte e terá os teus ollos* cantado en euskera por Paco Ibáñez. Un poema moi triste, pero cunha forza inmensa porque o autor tivo unha vida atormentada e acabou suicidándose. Xa de neno agoniábase pensando (e chegou a pasarlle de adulto) que a muller que amaba casaba con outro. Como resumo da súa infancia, di: "Unha tarde, camiñabamos rodeando un outeiro, en silencio". O proxecto da súa nenez foi escribir un libriño para poder lelo en soidade. Sendo adolescente, escribe: "Nacemos para vagar por estes outeiros, sen mulleres e coas mans ás costas...". Aos 21: "Como os pálidos suicidas / aínda ávidos de amor pola vida." Con 30 e poucos, nun poema a un traballador das fábricas de Turín: "Aprendeu a traballar en fábricas sen risas". Uns anos despois: "Hai rúas, bulevares de Turín polos que camiñan persoas que a guerra maltratou e matou. Persoas contentas,



intelixentes, que entón eran alguén, que ti coñecías a penas. Era unha sociedade de verdade. ¿Para que terá existido?" Con 42, pouco antes de suicidarse: "Estou roto, non teño ganas de ver a ninguén e pagaría con ouro ao asasino que puidese apuñalarme durante o meu sono". Morreu sen ter nunca muller, fillos ou casa propios, convencido de que nos xestos e palabras da nenez están os sinais do pavor adulto. O que foi, será, dixo.

**VIVIR, UN SUICIDIO OPTIMISTA**. Pouco antes de ler un libro sobre a vida de Pavese, atopei no meu estudo un CD que me regalaron uns amigos cando cumprín corenta anos. O CD, composto por cancións de éxito na miña mocidade, titúlase JOS MIX XL. Jos é como me chaman os familiares e amigos máis íntimos. Na carauta aparecen cinco fotos miñas a diferentes idades, catro delas reais (dez, dezaoito, trinta, corenta) e unha ficticia (oitenta). Poucas veces me rin tanto como cando vin esa imaxe miña de vello encanecido e desdentado. Lendo ese libro sobre Pavese que antes comentaba non me saíu da cabeza ese momento e unha frase durísima de S. Beckett que parece o contrario desa estrondosa gargallada: "A vida humana é o acto de dar a luz sobre unha tumba aberta". Pavese coincidiría, eu non, e ese contraste aledoume a lectura daquel libro tan triste. Recordei que de neno eu soñaba con bicar os beizos dun rostro fermoso de muller e que miles de persoas me aclamasen tras gañar a final dos 100 metros lisos dos Xogos Olímpicos. Conseguín as dúas cousas moitas veces pois xa de adolescente aprendín que todo rostro de muller que bicas voluntariamente é fermoso, e que calquera aclamación pública (mesmo a dun can ou dun gato) é multitudinaria. Como resumo da miña infancia, diría: "Un lusco fusco os amigos da estreita rúa onde nacín xogamos barulleiros aos cartóns mentres agardamos que as nosas nais nos chamen para cear". Non conseguín vivir así toda a vida, pero os mellores momentos foron e son réplicas daqueles días, e canto máis vello vou, máis os necesito. O can de Paulov, despois dun proceso de condicionamento clásico, segregaba saliva nada máis oír tocar unha campá. Eu segrego a voz daqueles amigos dicindo *Ghanei unha machucada de cartóns* e a voz de miña nai dicindo *¡Jos, a cear!*, cada vez que escoito as campás da igrexa de Rianxo, a cincuenta metros da miña casa natal. Nos xestos e palabras da nenez, aprendín, están os sinais da felicidade adulta, e gustaríame poder agradecerlle a tantas persoas (meus pais, sobre todo, pero tamén a meus irmáns e algúns amigos e veciños daqueles anos) que me impedisen ter caído desde o útero materno, como Pavese, a unha tumba.

Cando dentro duns anos me pareza a ese vello de JOS MIX XL, escribirei un poema titulado *Virá a morte e terá os teus dentes*. Se hai outra vida, non poderei escoller (é o único de nós que non cambia) os ollos e a mirada, pero si se vivila con ou sen dentes. Ese foi o erro de Pavese. Comparando a morte co que permanece, é imposible o máis mínimo sorriso. Comparándoa co que dexenera, ata pode ser simpática. Eu tamén digo, como Pavese, *O que foi, será*, pero será desdentado e encanecido, e só agardo que cando o comprobe mirándome no espello, sexa capaz, como naquel feliz aniversario, de rir a gargalladas.



CITROËN

TEL. 981 86 06 50
FAX 981 84 36 21
tallerestanxil@soc.redcitroen.es
www.tallerestanxil.citroen.es

TALLERES TANXIL, S.L.
CTRA. DE TANXIL, 6
15920 RIANXO (A CORUÑA)

Susavila.com
correduría de seguros

Su mejor socio
... en seguros

Rosa Comojo Figueira
GRADUADO SOCIAL
DIPLOMADA EN SEGUROS

RIANXO - C/ Rúa do Medio, 34 - 15920
Tel - Fax: 981 860 098
E-mail: susavila.rianxo@susavila.com
www.susavila.com

infantilandia
Tel. 615 05 64 77
Parque Empresarial A Picaraña - Nave 34
15980 - Escravitude - Padrón - A Coruña
www.infantilandia.com

R. IGLESIAS SANCHEZ E HIJOS S.L.

CONSTRUCION E REFORMAS EN XERAL

TLF: 650932486 / 650932487

RIANXO - A CORUÑA

WWW.IGLESIASCONSTRUCCIONES.COM

PRESUPUESTOS SIN COMPROMISO

ACL

ARQUITECTURA TÉCNICA

- TASACIÓN DE INMUEBLES

  Viviendas, bajos comerciales, terrenos, impuesto de sucesiones y donaciones, etc.
- CERTIFICADOS ENERGÉTICOS
- INFORME DE EVALUACIÓN DE EDIFICIOS
- PERITACIONES
- IMPLANTACIÓN DE SISTEMAS DE GESTIÓN

PLAZA CASTELAO 3, 2º RIANXO
(ENCIMA INMOBILIARIA EIDOS)









# Arousa. Capital: Atenas?

Iago Hermo Martínez

"A Atenas da ría de Arousa". Fai moito tempo xa que se emprega esta frase para referirse á vila de Rianxo, á súa actividade cultural e á súa estraña capacidade para producir artistas, intelectuais e xente de cultura en xeral. Pero eu non vou a ser partícipe desa expresión. Non ten nada que ver coa situación de Grecia nos últimos tempos, non. Tampouco quere dicir que non me guste a capital do país heleno (ao contrario!). Non empregarei esa expresión por un simple motivo: Nin Rianxo é Atenas, nin Atenas é Rianxo.

Pode parecer moi seco, sobre todo se temos en conta que non é máis ca unha expresión como poden ser "morreu o conto", "poñer o carro diante dos bois" ou "quen ten cu ten medo"; mais tendo en conta a historia da nosa vila, a súa evolución ao longo do tempo e todo o que isto nos deixou (para ben e para mal), para que comparar dous lugares tan distintos? A cidade de Atenas posúe un encanto propio ao que ningún outro lugar do mundo pode semellarse. Fixémonos no seu clima mediterráneo coa súa fauna e flora, na súa gastronomía, na súa lingua, ou nos seus monumentos e lugares emblemáticos, como a Acrópole ou a Praza Sintagma. Acaso Rianxo non ten tamén unhas características propias que o definen no que hoxe en día é? Vivimos nunha vila cun clima máis que apetecible, montes verdes por un lado e o mar polo outro, unha gastronomía que fai que á xente doutros lugares lles caia a baba, cunha lingua tan fermosa como o galego, e con un feixe de castros, cruceiros, igrexas, ermidas, pazos e prazas que converten a Rianxo nun digno competidor (proporcionalmente falando, loxicamente) da capital helena.

Os encantos naturais e históricos de Rianxo veñen acompañados doutro elemento que puido levar á creación da expresión do inicio deste texto. Que persoa en Galicia non coñece aos nosos Castelao, Manuel Antonio ou Rafael Dieste? Cantas prazas, rúas, colexios e institutos levan o seu nome ao longo da nosa terra? E non son os únicos, posto que tamén os acompañan outros persoeiros como Brea Segade, Faustino Rey Romero ou Paio Gómez Chariño. A proporción de figuras relevantes da cultura de Galicia fai que moitas veces se escoiten cousas como "que terá Rianxo para que saian tantos ilustres?" ou "que comerán os rianxeiros que tan creativos saen?". A veces eu mesmo me fago preguntas así. Teño a grandísima honra de ser profesor de piano na Escola de Música de Rianxo, a mesma escola na que eu dei os meus primeiro pasos no mundo da música, e vexo como cada ano pasan polas nosas aulas alumnos cun talento e un amor tan profundo por facer música, que costa crelo. Pero non hai máis que escoitar a fantástica banda da escola e ver os músicos profesionais que saen de Rianxo (como Antón Alcalde ou Rafael Collazo, entre outros), para decatarse de que si, algo especial hai. E non só na música! A nosa é unha vila de artistas e colectivos culturais cunha fonda pegada. Vai de Roda, os grupos de teatro Airiños e Criaturas, os artistas "Ché" Tembra ou Nuco Losada, os escritores Gonzalo Hermo ou Esther F. Carrodeguas; e moitísimos máis que non collen aquí.

Pero todo ten o seu lado bo e o malo. Temos unha cantidade de artistas e intelectuais que fan de Rianxo unha vila a ter en conta no panorama cultural galego (e tamén internacional, ollo!), pero isto ten que ir acompañado dunha resposta da xente de Rianxo, xa que, se nós mesmos non lemos o que escriben os nosos escritores, non contemplamos e admiramos as obras dos nosos artistas plásticos, non acudimos ás representacións teatrais dos nosos grupos ou aos concertos dos nosos músicos, que razón de peso pode ter ese traballo que fan todas estas persoas, veciños nosos na súa maioría? Como músico, podo dicir que o público ante o que máis nervioso me podo chegar a poñer é o da xente de Rianxo, pero tamén é o que me chega ao máis fondo da alma cos seus aplausos e palabras de ánimo. Por que? Posiblemente porque non hai nada que faga sentir máis orgulloso a un mesmo que amosarlle aos teus veciños o resultado do traballo feito pensando en "chegarlle ao corazón" das persoas que aprecias e coas que compartes o teu día a día.

Se os rianxeiros se involucran na cultura do noso pobo, se apoiamos e animamos aos nosos artistas, se participamos da vida cultural da nosa vila e lles ensinamos aos nosos cativos a gozar das artes e a participar delas; o futuro cultural de Rianxo, asegúroo ao 100%, brillará moito máis aínda, e a lista de persoeiros ilustres, colectivos culturais e artistas destacados será tan longa, que os atenienses, para referirse á súa cidade, empregarán a expresión "O Rianxo de Grecia".



Imaxe: "Attica - Temple of Poseidon" A.Savin (CC BY-SA 3.0 )


soldesin:hos
soluciones y desarrollos integrales en la hostelería
CONTACTO


rotularama
comunicación visual
Telf: 981 86 1210
696 00 4448
Fax: 981 86 2009
Marquesa 25, Asados
15984 Rianxo
A Coruña
info@rotularama.com
www.rotularama.com


Peluquería y Estética
Eclipse
Estefanía Ordoñez Fuentes
Rio de Cima, 9 - Bajo/15920 - Rianxo - Telf: 981 860 458
Movil: 619043678


Decoracións
Adobío
Artigos pro fogar
Rúa Irmáns Ínsua - Tfno. 981 86 06 00 - RIANXO


AGRO MARXANDO
PENSOS E ABONOS
Almacén de cereais - Galiñas poñedoras
Ao seu servizo dende 1984
Outeiro 83 - TARAGOÑA - RIANXO
Tfno. 981 86 24 42


ACADEMIA DE DISEÑO
Mª JESÚS GEY
Diseño de moda
Corte y confección
Patronaje industrial
Escalados
Estampación
Poste nº3 Taragoña-Rianxo C.P. 15985, A Coruña
Tel: 981 86 21 46
mariajesusgey@mariajesusgey.es
www.mariajesusgey.es


Joyería BRAVO
leCarré
ABRIMOS 24 HORAS
www.joyeriabravo.com
¡¡¡Felices Fiestas!!!
Paseo de Manoel Antonio 61 BJ
15920 Rianxo A Coruña
Tfno.981.860.104
Síguenos en Facebook y Twitter.

GEFICO BARBANZA

- ASESORÍA FISCAL, CONTABLE, LABORAL
- ADMINISTRACIÓN DE FINCAS: COMUNIDADES, COMPRA-VENTA...
- CORREDURÍA DE SEGUROS: AUTO, FOGAR, EMPRESAS, EMBARCACIÓNS...
- TRAMITACIÓNS EN XERAL: RENDA, LICENZA CAZA, PESCA, CATASTRO, PENSIÓNS, SUCESIÓNS, BECAS...

Boas festas

XESTORÍA ADMINISTRATIVA SUÁREZ TARRÍO

- XESTIÓNS TRÁFICO: PERMISO CONDUCIR, MATRICULACIÓNS, TRANSFERENCIAS, BAIXAS...
- TARXETAS DE TRANSPORTE: SOLICITUDE, RENOVACIÓN...

Atalaia 29 - Asados - RIANXO
Tfno./Fax 981 86 27 58

Xan de Estivadas 14 1ºD 15200 - NOIA
Tfno. 981 82 02 13 - Fax 981 82 48 91

gefico@economistas.org - geficoasados@gmail.com



Carpintería Coello

CARPINTERIA EN XERAL
Mobles de cociña, Armarios...

Ramón Fachado Iglesias

Rúa do Hospital, 7
15920 RIANXO
Tfno. 646 677 674



CACHARRON
Asesores de Empresa

LABORAL - FISCAL - CONTABLE
COMUNIDADES

Pza. Virxe de Guadalupe, 2-3 1º - RIANXO
Tfnos. 981 86 64 18 - 981 86 60 89 - Fax 981 86 67 01
info@cacharron.net





E. Muñiz s.l.
EMPRESA AUTORIZADA
MANTENEDOR
TELECOMUNICACIONES
FONTANERÍA
ELECTRICIDAD
GAS
CALEFACCIÓN
Arcos Moldes, 1 · Gudiños 15920 Rianxo
Teléfono Oficina: 981 860 735 · Telefono Móvil: 658 892 309
emuniz@fegasinel.com


TANXIL
restaurante
playa de tanxil / rianxo
Bautizos, Comuniones, Menú del día, Cenas de empresa, etc.
Haga su reserva:
Telf: 981860454, 680483476


MAPFRE
DELEGACION RIANXO
Siempre a tu servicio
981.86.61.38 / 680.707.752
Rinlo, 1. Rianxo


asteleiros
CATOIRA
www.astilleroscatoira.com
TLF: 981 860 457
FAX: 981 860 742
MÓVIL(ES): 607 400 248
627 560 225
A OLEIRA
4ªVILL-3-1403

# MILVALKIRIAS





## TERAPIAS ALTERNATIVAS

-REIKI
-TAROT
-ACUPUNTURA
-REFLEXOLOXÍA
-REGRESIÓNS
-TENDA ESOTÉRICA:
(VELAS RITUALIZADAS, MINERAIS, AMULETOS,...)

AGARDÁMOSTE

Rúa Viorneira Nº5 MILLADOIRO
Teléfono: 655 295 694
http://www.milvalkirias.com




## 12 SÁBADO

10:00 Dianas e alboradas
**Banda de Música de CALDAS DE REIS**

10:00 Dianas e alboradas pola parroquia
**RÍO DE ANXO**

12:00 Debuxo na rúa na Rúa do Medio

13:00 Concerto da banda na Praza da Igrexa

13:30 PREGÓN DAS FESTAS dende a Casa do Concello

14:00 Sesión Vermú: XACOBEO

16:00 Ruta Cicloturística dende a Praza Castelao
Peña Ciclista Castro Barbudo

18:00 Concerto de banda na Praza da Igrexa
**Banda Infantil da ESCOLA DE MÚSICA DE RIANXO**

20:00 Baile e música tradicionais na Praza da Igrexa
**ASC FOGO FATUO**

21:00 Certame de Corais no Auditorio de Rianxo
organiza Escola de Música de Rianxo

23:00 ROCK IN RIAN no Parque Galicia
**QUEMPALLOU – FORRAJE – DIPLOMÁTICOS DE MONTEALTO – TERBUTALINA – DESALOJO**
organiza Comisión de Juadalupeñas
colabora Concello de Rianxo

**XACOBEO – CENIZA**

# Don Ramón Otero Pedrayo e "a casiña de Rianxo"

X. Ramón Brea Rei

A edición póstuma do libro *"Primeiro retorno de Castelao"* do admirado amigo Manuel Dourado, volve a pór de actualidade a relación fraternal do intelectual ourensán coa vila do seu irmán espiritual, Castelao. Nas dúas datas en que temos constancia da súa presenza, 1950 e 1975, a figura de don Ramón significaba o apoio ético para a causa galeguista e a constatación dunha loita viva e soterrada que seguía acesa, agora a través da iniciativa Galaxia.

Dourado recolle na súa publicación a crónica dunha homenaxe a Alfonso Daniel no seu XXV cabodano, xa nos estertores do franquismo, froito da cal fica, no paseo da Ribeira, o busto doado polo Padroado da Cultura Galega de Montevideo. O acto tería lugar o 27 de setembro de 1975, e nel estivo presente cos seus 87 anos, don Ramón Otero Pedrayo, nunha das derradeiras intervencións públicas, xa que finaría meses despois.

O día, chuvioso e triste, parecía concordar cos tráxicos fusilamentos, na véspera, dos cinco condenados polo proceso de Burgos. Ante os presentes, Otero descobre o busto cuberto coa bandeira de Galicia, réplica daquela coa que foi amortallado Castelao, existente no Centro Galego de Bos Aires, e evoca emocionado a amizade e as iniciativas que xuntos artellaron a prol de Galicia. Dourado recolle o texto do discurso, e tamén conservamos o documento sonoro, grazas a unha gravación que Nuco Losada (xa daquela sabía mirar con ollos de futuro) foi quen de facer dende unha fiestra do paseo da Ribeira. Moitos dos alí congregados eran conscientes da transcendencia daquel acto e do simbolismo que gardaba, coma se intuísen que a Ditadura estaba a piques de sucumbir.



Na palabra afervoada e nidia do patriarca galeguista rezuma a emoción dos recordos daquel 5 de setembro de 1947, *"cando nos dimos a derradeira aperta en vida de ti, mortal, pero non en vida inmortal, no peirao de Bos Aires"*. E dende alí, achégase á realidade rianxeira, non sen antes percorrer co amigo as rúas da memoria da Compostela compartida: *"nos altos silencios da noite, na monumental Compostela, sentíamos unha enorme emoción e calábamos abraiados, porque era cando as estrelas se persignaban e o rolo da Berenguela deitaba aquelas badaladas que parecían ser escoitadas no outro mundo"*.

Malia sentir que o seu tempo se está a acabar e que a morte ronda co *"alento letal"*, Otero quere estar en persoa no paseo da Ribeira para dar fe coa súa palabra e a súa presenza que a figura de Castelao é inmorrente e que o sacrificio de tantos anos non fora baleiro.

A vila mariñeira enche a tarde mollada de setembro e séntese protagonista do saúdo cordial de don Ramón quen confesa que sempre a levou no corazón e que *"nas miñas soedades de vello e de triste sempre, sempre se levanta cun exemplo de bondade, de fidalguía e de nobleza"*. O mar de Rianxo, onde conflúen os sons da montaña e da ribeira é para Otero *"unha especie de síntesis de toda Galicia"*.

Pero don Ramón xa tiña acudido a Rianxo o 20 de xaneiro de 1950, poucos días despois do pasamento en Bos Aires do egrexio galeguista, co gallo dun funeral na súa memoria. O encontro recólleno con todo detalle os amigos Comoxo e Santos na súa última achega bibliográfica á historia local rianxeira, *"Rianxo na ditadura franquista, (1939-1979)"*: *"Ao acto oficiado polo crego Fariña Garabán e media ducia de curas máis, asistiron un bo número de veciños. De fóra xuntáronse diferentes amigos que a prensa de Santiago omitiu; entre outros, estiveron Otero Pedrayo, Xesús Carro, García Sabell, Maside, Borobó, Manuel Beiras, Ramón Baltar, Xaime Illa Couto e Álvaro Paradela"*.

Da estadía en Rianxo e do grande afecto que lle profesaba á Vila D. Ramón Otero Pedrayo, xa ten dado conta en artigos e conversas, Borobó, outro namorado da paisaxe e das xentes rianxeiras. Eran coñecidas as




